

**RESOLUCIÓN DO 26 DE SETEMBRO DE 2017 POLA QUE SE FAI PÚBLICO O ESGOTAMENTO DO CRÉDITO PREVISTO NA ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADO A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS OU UNIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE GALICIA, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA****FEITOS**

**Primeiro.** Mediante a Orde do 30 de decembro de 2016 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estableceu as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro).

Esta orde foi modificada polas ordes do 4 de maio de 2017 (DOG núm. 86, do 5 de maio), 4 de agosto de 2017 (DOG núm. 154, do 14 de agosto) e 6 de outubro de 2017 (DOG núm. 195, do 13 de outubro).

**Segundo.** Ditáronse sucesivas resolucións de concesión, nas datas e polos importes que se indican no cadro seguinte:

RESOLUCIÓN	DATA	IMPORTE
1ª Resolución	15/05/2017	1.395.732,04
2ª Resolución	24/08/2017	994.507,12
Importe total subvencións		2.390.239,16

**Terceiro.** Unha vez resoltas as solicitudes presentadas ao abeiro da devandita orde, conséntase que coa 2ª resolución, ditada o día 24 de agosto de 2017, se esgotou o crédito dispoñible para a concesión destas subvencións.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

**Primeira.** Correspóndelle persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local, por delegación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a resolución dos procedementos que se inicien en virtude da referida Orde do 30 de decembro de 2016, ao abeiro do establecido na disposición derradeira primeira e no artigo 5.3 desta orde.

**Segunda.** O procedemento de concesión destas subvencións tramitouse mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 9.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo este precepto legal, as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

En consecuencia, ditáronse as resolucións de concesión citadas no antecedente de feito segundo, que recolleron aquelas solicitudes presentadas das que se verificou que toda a documentación que esixía o artigo 4.6 da orde era correcta e estaba completa, ata o esgotamento do crédito consignado na aplicación 05.23.141A.781.0 (CP 2016 00375), por un importe máximo de 2.400.000,00 €.

**Terceira.** En concordancia co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a orde establece no seu artigo 2 que o esgotamento do crédito dispoñible informarase a través da páxina web oficial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>). Este esgotamento do crédito será causa de denegación da concesión da subvención, segundo determina o artigo 6.2 da Orde do 30 de decembro de 2016.

**Cuarta.** Polo exposto nas consideracións anteriores, segundo o establecido no artigo 2 da orde, no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, procede facer público o esgotamento do crédito consignado na Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.



Con base en todo o anterior

**PROPOÑO:**

**Primeiro.** Comunícase que o día 24 de agosto de 2017 se esgotou o crédito dispoñible para as subvencións convocadas pola orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.781.0.



As subvencións concedidas son as recollidas nas resolucións que se relacionan no cadro inserido no antecedente de feito segundo desta resolución, que inclúen as solicitudes ou respostas a requirimentos de emenda de documentación recibidas na sede electrónica da Xunta de Galicia ata o día 2 de febreiro de 2017 ás 12:11 horas.

**Segundo.** Considéranse denegadas as solicitudes de subvención que teñan rexistro de entrada posterior ao recollido no segundo parágrafo do punto primeiro desta resolución, nos termos establecidos no artigo 5.1 das bases reguladoras.

**Terceiro.** Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

A directora xeral de Administración Local





Marta Fernández-Tapias Núñez

**RESOLUCIÓN:** Vista a proposta de resolución que antecede, veño a darlle a miña **conformidade** nos termos expostos **elevándoa a resolución**

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza  
P.D. (D.D. primeira da Orde do 30.12.2016, DOG núm. 14, do 20 de xaneiro)

A directora xeral de Administración Local



Marta Fernández-Tapias Núñez